

Aprezada Montse:

Como seguro que te acordas perfectamente, no Consello Nacional do BNG, celebrado o pasado 26 de novembro, manifestei na miña intervención que dada a situación crítica na que se atopaba o BNG, derivada dunha perda constante de apoio electoral e social, deberíamos aproveitar a celebración da XIII Asamblea Nacional Ordinaria para, despois dun periodo de reflexión e análise, por convencemento e co consenso de tódalas sensibilidades que integran o BNG, reformular o noso proxecto político para que desa asamblea saíra un novo BNG, novo na súa liña e práctica política, novo na estrutura organizativa e novo nos referentes; en definitiva un novo BNG, unido, forte, útil para Galicia e disposto a conquistar a confianza da maioría social dos galegos/as.

Dado que o resultado da Asamblea Nacional foi todo o contrario, pois non foi unha asamblea de consenso, senón de clara confrontación, e lonxe de reformular o proxecto e de lanzar socialmente un novo BNG, forte e unido, o que se fixo, ao meu modesto entender de xeito equivocado, foi reafirmarse na liña, na práctica política e nos referentes, ademáis de dotarse dunha estrutura organizativa aínda menos eficaz da que tiñamos nos últimos anos, cunha evidente división interna e xerando unha profunda sensación de desánimo e desilusión nunha parte moi considerable da base social do BNG. Pero dado que a decisión foi tomada lexítima e democraticamente pola maioría dos militantes que asistiron á Asamblea Nacional, só queda pola miña parte respectar a decisión, o que non quere dicir que teña que compartila e moito menos defendela se as discrepancias son considerables.

Despois de celebrada a Asemblea Nacional e vendo o camiño que colleu o BNG, moi distinto ó que eu considero que debería ter collido, para aspirar a ser unha forza maioritaria en Galicia preparada para desputarlle a hexemonía electoral ao PP e ao PSOE, despois dunha profunda reflexión e de que o Portavoz Nacional nos convidara no día de onte, aqueles que estábamos repensando o noso futuro na organización, a decidirnos canto antes, cheguei á conclusión de que o mellor para o BNG é que solicite a miña baixa como afiliado desta organización, xa que por responsabilidade e por coherencia política, entendo que tanto os órganos de dirección do BNG como os seus referentes públicos teñen todo o dereito a pór en marcha a liña política que se aprobou na Asemblea Nacional, con absoluta lealtade do conxunto dos militantes e sen estar sometidos a un cuestionamento e a unha crítica interna constantes que mermen as posibilidades de éxito do proxecto político do BNG.

Sendo en base a todo o anteriormente exposto que che pido, na túa calidade de Responsable de Organización en funcións, que consideres

este escrito como a **solicitud formal da miña baixa como afiliado do BNG na comarca de Allariz-A Limia-Maceda**, o que non me impide desexar que o BNG teña moito éxito no futuro e agradecer a confianza depositada en min, propondome para diversos cargos de representación, tanto orgánica como institucional, confianza que espero ter correspondido co meu traballo e coa miña adicación plena a este proxecto político durante 20 anos.

Un saúdo e moita sorte, tanto a nivel persoal coma político.

Asdo: Xosé Manuel Pérez Bouza